



DECRETO DA ALCALDÍA

Nº expediente: 541/2020 relac 130/2020

BASES E CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE UNHA PRAZA DE PEÓN FORESTAL, DENTRO DO SERVIZO “CONTRATACIÓN PEÓN FORESTAL APROL RURAL 2020” SUBVENCIONADO POLA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA SEGUNDO A ORDE DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL.

Vista a concesión de subvención ó abeiro da Orde do 20 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (aprol rural), por importe de 13.750,00 euros.

Esta Alcaldía de conformidade coas atribucións do seu cargo, RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar as seguintes bases e convocatoria para a contratación laboral temporal de UNHA praza de PEÓN FORESTAL, para realización do servizo denominado “contratación peón forestal aprol rural 2020”.

Base primeira.- Obxecto

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, concedeu ao Concello de Pazos de Borbén, unha subvención por importe de 13.750,00 euros para a realización do servizo “Contratación peón forestal aprol rural 2020” ó abeiro da Orde do 20 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (aprol rural).

De acordo coa subvención, o Concello de Pazos de Borbén debe contratar persoas desempregadas, inscritas no Servizo público de Emprego de Galicia (en diante SEPEG) como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego (tanto no momento da selección como no da formalización do contrato), para o cal débese presentar a correspondente oferta na oficina pública de emprego, nos modelos normalizados para os efectos, facendo referencia aos requisitos que deben reunir as persoas que sexan contratadas para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo, segundo artigo 14 da orde de subvención .

Base segunda.- Tipo de contrato.-

Estas bases regulan o proceso de selección para contratar, con carácter laboral temporal de duración determinada:

- UN PEÓN FORESTAL .

Duración do contrato: 9 (NOVE) meses con xornada laboral completa de 40 horas semanais en categoría profesional : peón, grupo de cotización 10, código de ocupación D.

As retribucións salarias brutas, incluidas as prorratas das pagas extras son:

Salario bruto incluidas as pagas extras (15/06/2020-30/11/2020)...= 1.108,33 €

S.S. a cargo da empresa...= 419,58 €

Salario bruto incluidas as pagas extras (1/12/2020- ata fin de contrato)...= 1.166,67 €





Base terceira.-Prazas.-

UNHA praza de PEÓN FORESTAL para a realización do servizo “contratación peón forestal aprol rural 2020” ó abeiro da Orde do 20 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (aprol rural).

Base cuarta.-Publicidade do procedemento.-

Para garantir o principio de publicidade, ademais da solicitude de oferta a Oficina do Servizo Público de Galicia, publicaranse as bases desta convocatoria, o listado das persoas remitidas polo SEPEG e o listado de seleccionados na páxina web institucional www.pazosdeborben.org, na sede electrónica <https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>, así como no taboleiro de anuncios sito nas dependencias do Concello de Pazos de Borbén, Pazos nº52 (Pazos de Borbén).

Base quinta.-Requisitos dos aspirantes.-

Para seren admitidos a realización do proceso selectivo, as persoas aspirantes deberán posuir na data de finalización da presentación de solicitudes, e manter ata o momento do correspondente nomeamento, os seguintes requisitos de participación:

- a) Ter cumplido dezaseis (16) anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto.
- c) Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitacións físicas ou psíquicas que impidan ou sexan incompatibles co desenvolvemento das funcións do posto de traballo.
- d) Non se atopar incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente para contratar coa administración Pública.
- e) Non haber sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas por sentenza xudicial firme ou resolución administrativa.


Base sexta.- Requisitos a cumplir segundo a subvención pola cal se solicita os fondos:

De acordo co artigo 14 da Orde do 20 de decembro de 2019 (DOG núm. 18 do 28 de xaneiro de 2020) pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (aprol rural), o Concello de Pazos de Borbén debe contratar persoas desempregadas, inscritas no Servizo público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego (tanto no momento da selección como no da formalización do contrato), para o cal débese presentar a correspondente oferta na oficina pública de emprego, cos modelos normalizados para os efectos.

Non poderán ser contratados con cargo a estas axudas aquelas persoas que foran contratados, por un período igual ou superior a nove meses con cargo as axudas concedidas no ano 2019 pola Consellería de Economía de Emprego e Industria no ámbito colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para contratación de persoas traballadoras desempregadas.

DECRETO
Número: 2020-0279

Data: 12/06/2020





Base séptima.-Prazo de presentación das solicitudes e documentación.-

Os aspirantes que se relacionen no listado remitido polo SEPEG, podrán presentar a súa solicitude en instancia dirixidas ao Sr. Alcalde do Excmo. Concello de Pazos de Borbén, anexo I, como datá límite o día 19 de xuño de 2020. O SEPEG notificará aos candidatos da lista para que os que desexen presenten a solicitude e documentación correspondente aos criterios de inserción socio-laboral. Ademáis o Concello de Pazos de Borbén publicará na páxina web institucional www.pazosdeborben.org, na sede electrónica <https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>, así como no taboleiro de anuncios sito nas dependencias do Concello de Pazos de Borbén, Pazos nº52 (Pazos de Borbén) o listado de candidatos recibidos.

A instancia deberá ir acompañada dos seguintes documentos:

- a) Copia do DNI.
- b) Copia da tarxeta de demandante de emprego.
- c) Declaración xurada de cumpri-los requisitos descritos na base quinta letra c), d), e), f), g), e h). necesarios para contratar coa Administración Pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade previstas na lexislación vixente, incluída na solicitude.
- d) Documentación xustificativa dos criterios socio-laborais.

A presentación de solicitudes poderá facerse ben no Rexistro Xeral do Concello (Lugar de Pazos nº52 36841 Pazos de Borbén) en horario de 09:00 a 14:00 horas, de luns a venres, ou ben en calquera das formas establecidas no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Publicas. As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas polo funcionario de correos antes de ser certificadas. No caso de que a instancia non se presente directamente no rexistro xeral do Concello, a persoa aspirante deberá dirixir por fax, ao número 986.49.71.46, unha copia da instancia con anterioridade ao remate do prazo da solicitude, aos efectos de que poida ser incluída na relación de aspirantes ao proceso.

Base Oitava.- Procedemento de selección.-

O proceso de selección contará con dúas fases:

Fase A: consistirá nunha valoración de criterios de inserción socio-laboral, segundo o artigo 14 da Orde do 12 de decembro de 2018 (DOG núm. 2 do 3 de xaneiro de 2019) pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (aprol rural) e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2019, coas seguintes puntuacións:

A. MULLERES, EN ESPECIAL, VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO:

Muller: 0,20 puntos

Vítima violencia de xénero: 0,30 puntos

DECRETO
Número: 2020-0279

Data: 12/06/2020





A muller vítima de violencia de xénero (de se-lo caso) acreditarase consonte a seguinte documentación:

- Copia da certificación da orde de protección ou da medida cautelar.
- Sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas na lei.
- Informe dos servizos sociais, sanitarios de administración pública, autonómicos ou locais.
- Informe do ministerio fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
- Calquera outro establecido regulamentariamente.

B. MAIORES DE 45 ANOS 0,20 PUNTOS

O criterio de ser maior de 45 anos (de se-lo caso) acreditarase co DNI.

C. MENORES DE 30 ANOS, EN ESPECIAL AS PERSOAS DEMANDANTES DO PRIMEIRO EMPREGO OU AQUELAS SEN CUALIFICACIÓN PROFESIONAL

Menores de 30 anos 0,20 puntos

Menores de 30 anos que sexan demandantes do primeiro emprego 0,30 puntos

Menores de 30 anos sen cualificación profesional 0,30 puntos.

O criterio de ser menor de 30 anos (de se-lo caso) acreditarase co DNI.

O criterio de persoas demandantes do primeiro emprego ou sen cualificación profesional acreditarase con certificado expedido polo Servizo público de emprego.

D. PERSOAS PARADAS DE LONGA DURACIÓN 0,20 PUNTOS

Aos efectos destas bases, considérase persoa desempregada de longa duración aquelas persoas inscritas ininterrumpidamente na oficina de emprego, como demandante de emprego durante 12 ou mais meses. Considerábase interrumpida a demanda si se traballou un período acumulado de 90 ou mais días nos 365 anteriores a data de solicitude de presentación ao proceso selectivo.

O criterio acreditarase (de se-lo caso) con certificado expedido polo Servizo Público de Emprego.

E. PERSOAS CON DISCAPACIDADE IGUAL OU SUPERIOR AO 33%, 0,20 puntos.

Acreditarase coa certificación correspondente.

F. PERSOAS DESEMPREGADAS QUE ESGOTASEN AS PRESTACIÓN S E SUBSIDIOS POR DESEMPREGO AS QUE TIVESEN DEREITO 0,20 PUNTOS

Acreditarase coa certificación emitida polo Servizo Público de Emprego.

G. INTEGRANTES DE COLECTIVOS DEFAVORECIDOS OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL (ESPECIALMENTE PERSOAS DA RENDA DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE GALICIA)

Integrantes desfavorecidas ou en risco de exclusión social 0,20 puntos

DECRETO
Número: 2020-0279

Data: 12/06/2020





Persoas perceptoras da renda de exclusión social de Galicia 0,30 puntos

H. MENOR NIVEL DE PROTECCIÓN DE DESEMPREGO

Protección de 1 a 3 meses incluídos por desemprego 0,20 puntos

Protección de 3 a 6 meses incluídos por desemprego 0,10 puntos

Acreditarase con certificación ou informe do Servizo Público de Emprego.

I. POR CARGAS FAMILIARES

Acreditarase coa fotocopia do libro de familia, certificado de convivencia e declaración responsable de que a persoa que está a cargo non percibe ingresos, según o caso.

| | |
|-------------------------------------|------------|
| Por cada fillo menor de 26 anos | 0.10puntos |
| Por cada fillo con discapacidade | 0,10puntos |
| Por cada persona maior incapacitada | 0,10puntos |
| Por cada menor en acollemento | 0.10puntos |
| Por cónxuge a cargo | 0,10puntos |


Fase B: Proba práctica, de carácter obligatorio. Consistirá nunha proba práctica relacionada coas tarefas a desempeñar no posto de traballo. Esta proba terá como finalidade a avaliación de competencias e destrezas profesionais dos aspirantes a hora da súa adecuación o posto de traballo e terá unha valoración máxima de 4 puntos. A proba práctica realizarase o 22 de xuño de 2020 ás 10:00 na nave do Concello de Pazos de Borbén. Os candidatos debérán vir provistos de mascarilla protectora para evitar contaxios antes a situación do covid-19.

Os aspirantes deberán acudir as probas provistos do DNI nas horas e datas dos respectivos chamamentos, sen posibilidade de aprazamento calquera que for a causa que lles impidira acudir, agás que a escusa sexa posible por ter amparo nun precepto legal.

A participación neste proceso selectivo suporá, por parte dos solicitantes, a súa aceptación a formar parte da devandita lista enviada polo SEPE, nos termos da normativa vixente de protección de datos de carácter persoal, previstos na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía dos dereitos dixitais, e informámoslle que os seus datos persoais serán rexistrados nos ficheiros automatizados do *CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN “FICHEIRO DE SELECCIÓN DE PERSONAL” (BOPPO N°98, 23/05/2012)*, coa finalidade de xestionar a súa solicitude no proceso de selección. Mediante a facilitación dos seus datos persoais, os titulares dos mesmos consenten expresamente o tratamento dos mesmos coa finalidade de levar a cabo a tramitación do proceso selectivo no que solicita participar e xestionar a lista de reserva, chamamentos e nomeamentos que se deriven da mesma. Os seus datos non poderán ser cedidos, salvo cesións previstas na Lei. En todo momento poderá usar os seus dereitos de acceso, cancelación, rectificación ou oposición mediante un escrito dirixido a Concello de Pazos de

DECRETO
Número: 2020-0279

Data: 12/06/2020





Borbén, Rúa Pazos nº 52 - 36841 - Pazos de Borbén (Pontevedra) ou por e-mail a concello@pazosdeborben.org, achegando en ambos os casos copia do D.N.I..

Si algunha das persoas incluídas na oferta solicita que non se inclúan os seus datos no citado ficheiro non poderá continuar no proceso de selección.

Base novena.- Cualificación definitiva

A cualificación dos aspirantes virá determinada pola suma dos puntos obtidos nas fases de criterios socio-laborais e a proba práctica fixados na base oitava.

No prazo de 2 días hábiles seguintes á publicación nos lugares establecidos na base cuarta , as persoas aspirantes poderán presentar reclamacións contra o resultados pudendo achegar, en concepto de emenda e para a súa valoración aqueles documentos que acrediten méritos alegados e insuficientemente xustificados polos interesados na documentación alegada coa instancia de participación. En ningún caso se terán en conta outros méritos distintos dos alegados inicialmente polas persoas aspirantes na súa instancia de participación.

A Resolución definitiva das persoas aspirantes estará determinada pola puntuación final obtidas nas dúas fases de valoración.

No suposto de empate nas puntuacións de dúas ou máis persoas candidatas na lista de reserva, este resloverase tendo en conta a maior puntuación obtida na fase da proba práctica e se isto non fose abondo, pola puntuación obtida na fase de criterios socio-laborais.

Tribunal cualificador.-

O Tribunal Cualificador do proceso selectivo designarase de conformidade co disposto no artigo 60 do TREBEP e 59 da lei 2/2015 do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e estará composto polos seguintes membros.

Un presidente: Luis Guillermo Patiño Fernández.

Secretaria: María Begoña Tellado Míguez (con voz e voto).

Tres vogais:

- 1º Alejandro Reguera Varela
- 2º Roberto Carlos Costa Tellado
- 3º Jaime Lage Pumares

Suplentes:

Presidente: Jose Manuel Soto Virulegio

Secretario: Jose Antonio Lorenzo Pérez

Vogasis suplentes:


- Virginia Rial Ferreira
- María Teresa Fernández Martínez

Os integrantes do tribunal serán designado polo concello de Pazos de Borbén. Tódolos vogais do Tribunal Cualificador deberán ter nivel de titulación académica ou de especialización profesional igual ou superior á esixida para o acceso ás prazas obxecto desta convocatoria.

Os/as membros dos tribunais deberán abstirse de intervir, comunicándolle ó Alcalde cando concorra neles algunha circunstancia previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así

DECRETO
Número: 2020-0279

Data: 12/06/2020





mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do Tribunal cando concorra neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da citada Lei 40/2015.

Os membros do tribunal e os seus asesores que asistan ás sesións percibirán as indemnizacións pola súa asistencia segundo a contía legalmente establecida e de conformidade co previsto no 29 do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio de Indemnizacións por razón de servizo.

Base décima.- Relación de aprobados

Unha vez realizadas as cualificacións finais, o Tribunal publicará nos lugares establecidos na base cuarta, a relación, por orde de puntuación, das persoas aspirantes que aprobaron o proceso selectivo.

Base décimo primeira.- Lista de reserva.-

Rematado o proceso selectivo, o grupo de traballo elaborará unha lista de reserva, con validez de oito meses contados dende o inicio da contratación obxecto destas bases.

Base décimo segunda.- Carácter vinculante das bases e incidencias

As bases desta convocatoria vinculan a administración municipal, o tribunal cualificador e aos aspirantes que participen no proceso selectivo. O tribunal queda facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cuntas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación e poderá optar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

Base décimo terceira.- Disposición final.

As bases da convocatoria e cants actos administrativos deriven dela e das actuacións do tribunal poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, así como na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. A administración Municipal tamén poderá, no seu caso, revisalas resolucións do tribunal segundo o previsto na Lei 39/2015.

Segundo.- Publicar o texto íntegro das bases reguladoras na páxina web institucional www.pazosdeborben.org, na sede electrónica <https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>, así como no taboleiro de anuncios sito nas dependencias do Concello de Pazos de Borbén, Pazos nº52 (Pazos de Borbén).

Terceiro.- Solicitar o Servizo Público de Emprego de Galicia mediante a presentación da correspondente oferta nos modelos normalizados para os efectos, solicitando 3 persoas para o posto.

ANEXO I

DECRETO

Número: 2020-0279 Data: 12/06/2020



Cod. Validación: 4Q76SDDFSH5KF4L7GZ97JYAFW | Corrección: https://pazosdeborben.sedelectronica.gal/ Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona.esPúblico | Páxina 7 a 9



MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE UNHA PRAZA DE PEÓN FORESTAL, DENTRO DA SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL).

Nome _____ Apelidos _____

DNI _____ Data de nacemento _____

Enderezo _____ Nº _____
Piso _____

Poboación _____ Provincia _____
C.P. _____

Teléfonos de contacto: _____ / _____

E-mail : _____

Documentación:

- FOTOCOPIA COMPULSADA DO DNI
 FOTOCOPIA DA TARXETA DE DEMANDANTE DE EMPREGO
 DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DOS CRITERIOS SOCIO-LABORAIS

0 _____
0 _____
0 _____
0 _____
0 _____
0 _____ -

Así mesmo declaro por medio da presente e baixo a miña responsabilidade que :


- a Posuír a capacidade funcional para o desempeño da tarefas propias do posto.
- b Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitacións físicas ou psíquicas que impidan ou sexan incompatibles co desenvolvemento das funcións do posto de traballo.
- c Non se atopar incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente para contratar coa administración Pública.
- d Non haber sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas por sentenza xudicial firme ou resolución administrativa.

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL

Consentimento e Deber de Informar aos Interesados sobre Protección de Datos

DECRETO
Número: 2020-0279

Data: 12/06/2020





Fun informado de que esta Entidade vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas

Información básica sobre protección de datos

Responsable: Concello de Pazos de Borbén

Finalidade: Tramitar procedementos e actuacións administrativas.

Lexitimación: Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a esta Entidade.

Destinatarios: Cederanse datos, no seu caso, a outras Administracións Públicas e aos Encargados do Tratamento dos Datos. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.

Dereitos: Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional.

Información Adicional: Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na seguinte dirección:
<http://pazosdeborben.sedelectronica.gal/privacy>

PRESTA O SEU CONSENTIMENTO para que a entidade realice consultas dos datos do solicitante/representante a través da Plataforma de Intermediación de Datos e outros servizos interoperables

Firma

En Pazos de Borbén, _____ de _____ de 20____

Mándo e asínao o Sr. Alcalde en Pazos de Borbén,

O DECRETOU O SR. ALCALDE-PRESIDENTE O DÍA DA DATA DA SÚA SINATURA ELECTRÓNICA, DO QUE EU SECRETARIO-INTERVENTOR DESTE CONCELLO, DOU FE, MEDIANTE SINATURA DIXITAL Á MARXE.

DECRETO
Número: 2020-0279

Data: 12/06/2020

